



PROXECTO DE ORDE do --- de ----- de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero

O Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, entre outras previsións, o recoñecemento e validación dunha serie de niveis de formación nesta materia para o persoal destinatario: básico, medio e superior. Tamén dispón que mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de igualdade regularase o procedemento a seguir para o recoñecemento e validación da formación recibida. En aplicación desta habilitación procédese a desenvolver tanto o procedemento de recoñecemento e validación do persoal que tivera realizado cursos ou actividades formativas no momento da entrada en vigor desta orde, como para os superados con posterioridade.

A orde consta de vinte e sete artigos, estruturados en tres capítulos, tres disposicións adicionais e dúas disposicións finais. O primeiro capítulo establece as disposicións xerais, o segundo regula o procedemento de recoñecemento e validación, tanto de oficio como por solicitude de persoa interesada, e o terceiro o rexistro e acreditación do persoal docente en materia de formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. A disposición adicional primeira refírese á obrigatoriedade de formación para o persoal de novo ingreso e á condición de exención e a disposición adicional segunda á actualización dos modelos normalizados utilizados na tramitación dos procedementos e a disposición adicional terceira refírese á información básica sobre protección de datos de carácter persoal. A disposición final primeira establece a habilitación para o desenvolvemento normativo e a segunda a entrada en vigor da orde.

Por todo o exposto,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto



1. O obxecto desta orde é regular o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (SI500A) así como o procedemento de inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a dita formación (SI500B).

2. Para os efectos desta orde, considerarase formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero os contidos que aborden estas materias baixo calquera das denominacións utilizadas polos organismos autonómicos, nacionais e internacionais, tales como igualdade de xénero, mainstreaming, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fins de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres.

Artigo 2. Persoal destinatario

O procedemento de recoñecemento e validación establecido nesta orde está destinado a todo o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, ao persoal docente empregado público da consellería competente en materia de educación, ao persoal do Sistema Público Sanitario de Galicia, ao persoal ao servizo da Administración de xustiza e ao persoal funcionario do Corpo de Policía de Galicia.

Artigo 3. Niveis de coñecemento

Os niveis de coñecemento que poderán ser obxecto de recoñecemento e validación serán os seguintes:

a) Nivel básico: acreditará unha competencia inicial que permita a inclusión progresiva do principio de igualdade nos procesos habituais de traballo, cunha duración mínima de 20 horas en calquera dos contidos recollidos no artigo 1 desta orde.

b) Nivel medio: acreditará unha competencia media que permita integrar o enfoque de xénero en ámbitos materiais concretos de competencia das Administracións Públicas: subvencións, contratos, produción normativa ou xestión administrativa, e o



coñecemento e comprensión da violencia de xénero, cunha duración mínima de 150 horas en calquera dos contidos recollidos no artigo 1 desta orde.

c) Nivel superior: acreditará unha competencia alta que permita o coñecemento e aplicación práctica do enfoque integrado ou mainstreaming de xénero, cunha duración mínima de 500 horas en calquera dos contidos recollidos no artigo 1 desta orde.

Artigo 4. Modalidades de recoñecemento e validación dos niveis de formación

1. As modalidades de recoñecemento e validación dos niveis formativos serán de oficio ou por solicitude da persoa interesada.

2. Procederase ao recoñecemento e validación de oficio dos diferentes niveis de coñecemento daquelas persoas que superaron os cursos ou actividades formativas recoñecidos previamente para tal efecto, mediante resolución do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, e segundo o procedemento establecido no capítulo II desta orde, sen que estas persoas teñan que presentar ningunha solicitude ou realizar ningún trámite.

3. Os cursos ou actividades formativas realizados poderán ser anteriores ou posteriores á entrada en vigor desta orde.

4. A relación de cursos ou actividades formativas que teñan sido obxecto de recoñecemento e validación será exposta na páxina web do órgano competente en materia de igualdade e será permanentemente actualizada.

5. Tanto no caso de recoñecemento e validación de oficio como a instancia de parte, poderán ser tidos en conta os módulos de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero que, aínda formando parte de cursos ou actividades formativas non específicos de igualdade, traten dalgunha das materias sinaladas no artigo 1.2 desta orde. Para tal efecto deberán acreditarse de forma expresa os contidos e o número de horas do módulo, que deberá ser en todo caso igual ou superior a 20 horas.

Artigo 5. Requisitos do persoal docente para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero

1. De acordo co establecido no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a docencia da



formación poderá ser impartida por persoas capacitadas na materia pola posesión de coñecementos específicos en xénero, igualdade entre mulleres e homes, integración da perspectiva de xénero en plans, programas e proxectos, prevención e loita contra a violencia de xénero ou outros estudos de xénero, debendo acreditar algún dos seguintes requisitos:

a) 750 horas de formación nas materias sinaladas no artigo 1 desta orde, recibida por un organismo público oficial tal como Escola Galega de Administración Pública, Academia Galega de Seguridade Pública, Escola Galega de Administración Sanitaria, Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e órganos e/ou entidades públicas instrumentais adscritos a elas, estruturas de formación permanente do profesorado, Instituto Nacional de Administración Pública, escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, ministerios e/ou os seus departamentos adscritos, administracións autonómicas, administracións locais, universidades, ou formación impartida no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

b) 500 horas de formación nas materias sinaladas no artigo 1 desta orde, recibida por algún dos organismos citados no punto anterior e dous anos de experiencia laboral en materia de igualdade de xénero e/ou prevención da violencia de xénero.

2. Non precisarán acreditar os requisitos recollido no número 1 deste artigo:

- Persoas que polo seu exercicio profesional en ámbitos tales como o xudicial, policial, docente, sanitario, social ou administrativo, acrediten coñecemento suficiente en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.

- Persoas que con anterioridade á entrada en vigor desta orde xa tiveran exercido a docencia en materia de igualdade entre homes e mulleres e violencia de xénero nos mesmos cursos ou actividades formativas que serán recoñecidos polo órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, cos requisitos e o procedemento establecido no artigo 8 da presente orde.

3. A elección do profesorado, así como a exención dos requisitos establecida neste artigo, levarase a cabo de acordo cos principios de obxectividade, mérito, capacidade e igualdade, tanto polo órgano competente para resolver a acreditación como pola Comisión de Seguimento creada na Disposición derradeira primeira do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da



Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, observarase o procedemento e as garantías de control establecidos no Capítulo III desta orde.

Artigo 6. *Competencia*

1. Será competente para recoñecer e validar os diferentes niveis de coñecemento do persoal ao que se refire o artigo 2, así como para a acreditación do persoal docente e a inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, a persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade.

2. De acordo cos principios de cooperación e colaboración administrativa os diferentes órganos administrativos implicados na xestión dos procedementos que se desenvolven nesta orde colaborarán de forma dilixente co órgano competente para resolvelos co obxecto de axilizalos e poder desenvolvelos de xeito eficaz e eficiente.

Artigo 7. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas, de conformidade coa Lei 39/2015, poderá interpoñerse, por parte das persoas interesadas, recurso potestativo de reposición ante a persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fora expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fora expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

CAPÍTULO II PROCEDEMENTO DE RECOÑECEMENTO E VALIDACIÓN DOS NIVEIS DE COÑECEMENTO

Artigo 8. *Recoñecemento e validación de oficio*

1. Procederase de oficio ao recoñecemento e validación dos diferentes niveis de coñecemento daquelas persoas que superaron os cursos ou actividades formativas



recoñecidos e validados previamente para tal efecto mediante resolución do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade. Os cursos ou actividades formativas realizados poderán ser anteriores ou posteriores á entrada en vigor desta orde.

2. Solicitarán este recoñecemento e validación os seguintes organismos públicos oficiais: Escola Galega de Administración Pública, Academia Galega de Seguridade Pública, Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e órganos e/ou entidades públicas instrumentais adscritos a elas, e estruturas de formación permanente do profesorado da Xunta de Galicia.

3. Os organismos do número anterior deberán solicitar preceptivamente o recoñecemento e validación de todos os cursos ou actividades formativas que, polo seu contido, sexan susceptibles de ter sidos en conta para a acreditación dos niveis de formación regulados nesta orde.

Artigo 9. Modalidades de recoñecemento e validación de oficio

O recoñecemento e validación de oficio nos niveis de coñecemento en materia de igualdade e violencia de xénero terá dúas modalidades:

- a) Cursos e actividades formativas anteriores á entrada en vigor desta orde
- b) Cursos e actividades formativas posteriores á entrada en vigor desta orde

Artigo 10. Recoñecemento e validación de cursos e actividades formativas anteriores á entrada en vigor desta orde

Quedan recoñecidos e validados para os efectos de acreditar o nivel de coñecemento básico, de acordo co establecido no artigo 3 desta orde, os cursos e actividades formativas que figuran recollidos no Anexo V.

Artigo 11. Recoñecemento e validación de cursos e actividades formativas posteriores á entrada en vigor desta orde

1. Para levar a cabo o recoñecemento e validación dun curso ou actividade formativa, a persoa titular do órgano responsable que corresponda en cada caso, deberá solicitalo ante o órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, segundo o modelo establecido no anexo IV.



2. O órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade poderá requirir ademais ao órgano solicitante para que achegue a documentación e aclaracións que resulten necesarias para asegurar o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 12. Recoñecemento e validación de oficio dos distintos niveis de formación

1. As persoas que superaron os cursos e actividades formativas que se recollen no Anexo V, terán recoñecido e validado de xeito automático o nivel de formación básico, sen necesidade dun recoñecemento e validación específico posterior.

2. No caso dos cursos e actividades formativas recoñecidos e validados con posterioridade á entrada en vigor desta orde, o diploma personalizado ou certificación que se emita logo da súa superación, indicará expresamente o nivel de coñecemento en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero que corresponda, de acordo co Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Para estes efectos, empregarase o modelo establecido no anexo III.

3. O recoñecemento e validación de oficio en calquera das modalidades non obstará para que se calquera persoa interesada conta cun nivel de formación maior ao recoñecido e validado, por ter superado outros cursos ou actividades formativas, poda solicitar un novo recoñecemento e validación do nivel superior correspondente.

Artigo 13. Recoñecemento e validación por solicitude da persoa interesada (SI500A)

1. *O recoñecemento e validación* por solicitude de persoa interesada poderá solicitarse exclusivamente polas persoas que, cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 desta orde, reúnan ademais algunha das seguintes condicións:

a) Persoas que superasen calquera curso ou actividade formativa non incluído no anexo V desta orde e que tampouco fose recoñecido e validado con posterioridade á súa entrada en vigor, pero que reúnan os requisitos establecidos para o recoñecemento e validación de calquera dos niveis de formación regulados nesta orde.



b) Persoas que superasen cursos ou actividades formativas recoñecidos e validados con posterioridade á entrada en vigor desta orde, pero que, por causas excepcionais, o correspondente título ou diploma non inclúa o recoñecemento e validación previsto no artigo 12.2 segundo o modelo establecido no anexo III.

c) Persoas que desexen acreditar un nivel superior ao que xa teñen recoñecido e validado.

2. Será condición necesaria que as persoas que soliciten o recoñecemento e validación do nivel de coñecemento, posúan a condición dalgún dos tipos de persoal sinalados no artigo 2 desta orde, na data de presentación da solicitude e nos termos nela sinalada.

Esta condición será comprobada de oficio por medios telemáticos polo órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia. Para este fin todos os órganos implicados responsables das correspondentes bases de datos, prestarán a colaboración oportuna e as facilidades de acceso electrónico que sexan necesarias, de acordo coa lexislación vixente, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan ser requiridas para achegar os documentos e aclaracións que resulten necesarias de acordo co establecido no artigo 16.2 desta orde.

3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) (Anexo I).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá utilizarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 14. Documentación complementaria para o recoñecemento e validación da formación

1. As persoas que soliciten o recoñecemento e validación neste procedemento deberán presentar, xunto co Anexo I, o título que acredite a formación recibida ou, de ser o caso, a certificación oficial que acredite a superación.



2. A documentación complementaria tamén deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberá indicarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos poderá consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do Cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

7. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 15. *Comprobación de datos*



1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante
- b) DNI ou NIE da persoa representante, de ser o caso
- c) Condición de empregado/a público e datos do posto de destino indicados na solicitude

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 16. *Emenda da solicitude*

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación esixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente requirirá á persoa solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21da citada lei.

2. Sen prexuízo do disposto neste artigo, poderase requirir en calquera momento do procedemento ás persoas solicitantes para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarias para a verificación do cumprimento dos requisitos esixidos nesta orde ou para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 17. *Prazo máximo de resolución e efectos do silencio administrativo*

1. O prazo máximo de resolución do procedemento de validación da formación solicitado polas persoas interesadas será de cinco meses, que se contarán dende a data de entrada da solicitude no rexistro electrónico.

2. De producirse o transcurso do prazo indicado sen que se emita resolución expresa as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Artigo 18. *Resolución*

1. Da solicitude das persoas interesadas emitirase resolución expresa que estimará parcial ou totalmente, ou desestimará, de ser o caso, as súas pretensións.



2. A resolución recoñecerá un nivel de formación inferior ao que solicite a persoa interesada cando non se acrediten os requisitos de formación do nivel solicitado, pero si doutro nivel inferior.

3. Contra a resolución poderase interpoñer o oportuno recurso nos termos establecidos no artigo 7 desta orde.

Artigo 19. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos no caso das solicitudes de recoñecemento e validación presentadas por solicitude da persoa interesada practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO III REXISTRO DE PERSOAL DOCENTE ACREDITADO PARA A FORMACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A



VIOLENCIA DE XÉNERO E PROCEDEMENTO DE ACREDITACIÓN E INSCRICIÓN

Artigo 20. Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero

1. O órgano superior competente en materia de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia será responsable da elaboración e xestión do Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.
2. As persoas que desexen solicitar a inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero poderán solicitalo de acordo co procedemento establecido nos artigos seguintes.
3. A inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero non será obrigatoria para impartir os cursos e actividades formativas de formación en materia de igualdade e de violencia de xénero aos que fai referencia esta orde. Non obstante, a resolución de inscrición no dito Rexistro será condición suficiente para xustificar o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 5 desta orde.

Artigo 21. Solicitud de inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero(SI500B)

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) (Anexo II).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá utilizarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 22. Documentación complementaria



1. Coa finalidade de xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 desta orde, as persoas que soliciten a inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero deberán presentar, xunto co antedito Anexo II :

a) Título que acredite a formación recibida ou certificación oficial que acredite tela superado.

b) No caso das persoas que pretendan acreditar os dous anos de experiencia laboral a que fai referencia o artigo 5.1.b) desta orde, deberán presentar ademais certificación da dita experiencia.

c) No caso das persoas que se pretendan acoller a algún dos motivos de exención dos requisitos establecidos no artigo 5.2 desta orde deberán achegar a certificación oficial ou, de ser o caso, documentación que acredite o motivo da exención.

2. A documentación complementaria tamén deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberá indicarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos poderá consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do Cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



6. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

7. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 23. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas ou nas súas bases de datos:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante, de ser o caso.
- c) Cursos ou actividades formativas realizadas

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 24. *Emenda da solicitude de inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero*

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente requirirá á persoa solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.



2. Sen prexuízo do disposto neste artigo, poderase requirir en calquera momento do procedemento ás persoas solicitantes para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarias para a verificación do cumprimento dos requisitos esixidos nesta orde ou para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 25. Prazo máximo de resolución e efectos do silencio administrativo

1. O prazo máximo de resolución será de cinco meses, que se contarán dende a entrada da solicitude no rexistro electrónico.
2. No caso de que no transcurso do prazo indicado non se emitise resolución expresa, as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Artigo 26. Resolución e inscrición

1. Da solicitude das persoas interesadas emitirase resolución expresa que estimará parcial ou totalmente, ou desestimará, de ser o caso, as súas pretensións.
2. Contra a resolución poderase interpoñer o oportuno recurso nos termos establecidos no artigo 7 desta orde.
3. Se a solicitude fose estimada, a persoa solicitante será inscrita no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, e non precisará xustificar documentalmente os requisitos establecidos no artigo 4 desta orde a partir da data da resolución de inscrición, sendo suficiente con indicar o nº de inscrición no dito Rexistro.

Artigo 27. Notificación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



3. As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira

1. De acordo coa Disposición Adicional primeira do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a partir da entrada en vigor do citado decreto, toda persoa que acceda á condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, de persoal docente empregado público da consellería competente en materia de educación e de persoal do Sistema Público Sanitario de Galicia a través dun proceso selectivo, terá que realizar, con carácter obrigatorio e nun prazo non superior aos seis meses, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento previsto no artigo 4 do citado decreto e 3 da presente orde.

2. Non obstante o establecido no número anterior aquelas persoas que xa tiveran superado antes do seu nomeamento os cursos establecidos no anexo V ou aqueles validados posteriormente polo órgano superior competente en materia de igualdade de acordo co disposto no artigo 12.2 desta orde estarán exentas da dita obriga.

Disposición adicional segunda. *Actualización de modelos normalizados*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e



adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición adicional terceira. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia pola Secretaría Xeral da Igualdade coas finalidades de recoñecemento e validación da formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia así como a de inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a dita formación e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición final primeira. *Competencia para os procedementos administrativos*

A persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade ditará as disposicións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de 2018

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela



PROCEDEMENTO

RECOÑECIMENTO E VALIDACIÓN DA FORMACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN E
LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO PERSOAL AO SERVIZO DA
ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

SI500A



DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	LUGAR				
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa ou entidade representanteTodas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>.

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO POSTO DE DESTINO

CONSELLERÍA/ORGANISMO	NRP
UNIDADE ADMINISTRATIVA/CENTRO DIRECTIVO	
DENOMINACIÓN DO POSTO	LOCALIDADE

NIVEIS DE COÑECIMENTO (síñale o nivel sobre o que solicita o recoñecemento e validación)

- ☐ NIVEL BÁSICO (duración mínima de 20 horas)
- ☐ NIVEL MEDIO (duración mínima de 150 horas)
- ☐ NIVEL SUPERIOR (duración mínima de 500 horas)



CURSOS OU ACTIVIDADES PARA OS QUE SE SOLICITA O RECOÑECIMENTO E VALIDACIÓN

	CURSO OU ACTIVIDADE FORMATIVA	ORGANISMO QUE O/A IMPARTIU	DATA DE SUPERACIÓN
1.			
2.			
3.			
4.			
5.			
6.			
7.			
8.			
9.			
10.			
11.			
12.			
13.			
14.			
15.			
16.			
17.			
18.			
19.			
20.			

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ORGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Título que acredite a formación recibida ou, de ser o caso, a certificación oficial que acredite tela superado			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos e datos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas.

DNI/NIE da persoa solicitante.

DNI/NIE da persoa representante.

Condición de empregado/a público e datos do posto de destino (artigo 15.1.c).

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.



LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde x/2018, do...de...da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establece o procedemento de validación establecido no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o Rexistro de persoal docente nesta materia

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANT

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--



PROCEDEMENTO INSCRICIÓN NO REXISTRO DE PERSOAL DOCENTE ACREDITADO PARA A FORMACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE E PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI500B 	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: ☐ Persoa solicitante ☐ Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal .	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

CURSOS OU ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA ACREDITAR A FORMACIÓN		
CURSO OU ACTIVIDADE FORMATIVA	ORGANISMO QUE O/A IMPARTIU	DATA DE SUPERACIÓN
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		
6.		
7.		
8.		
9.		
10.		

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE			
	ORGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Título que acredite a formación recibida ou, de ser o caso, a certificación oficial que acredite tela superado.			
☐ Certificación que acredite a experiencia laboral (artigo 22.1 b).			
☐ Certificación oficial ou, de ser o caso, documentación que acredite o motivo da exención (artigo 22.1 c).			

**COMPROBACIÓN DE DATOS****Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas**

DNI/NIE da persoa solicitante.

DNI/NIE da persoa representante.

Cursos ou actividades formativas realizadas.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde x/2018, do...de...da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza polo que se establece o procedemento de validación establecido no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o Rexistro de persoal docente nesta materia

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de



ACREDITACIÓN DO NIVEL DE COÑECEMENTO EN MATERIA DE IGUALDADE E PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Texto que se inserirá no diploma ou certificación de acordo co artigo 12.2 da Orde do --- de ----- de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establece o procedemento de validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o Rexistro de persoal docente nesta materia:

Este curso/actividade formativa foi acreditado/a pola Secretaría Xeral da Igualdade con data do --/--/20-- polo que a súa superación implica o recoñecemento e validación do nivel *básico, medio, superior (indicar o que proceda)* de coñecemento en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero de acordo co establecido no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.



ANEXO IV

SOLICITUDE DE RECOÑECIMIENTO E VALIDACIÓN DE CURSO OU ACTIVIDADE FORMATIVA

De acordo co disposto no artigo 11 da Orde x/2018, do...de...da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación establecido no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o Rexistro de persoal docente nesta materia, solicítase o recoñecemento dos seguintes cursos:

ÓRGANO SOLICITANTE:

PERSOA TITULAR:

CURSO OU ACTIVIDADE FORMATIVA PARA OS QUE SE SOLICITA O RECOÑECEMENTO E VALIDACIÓN (utilícese un anexo por cada curso)		
DENOMINACIÓN DO CURSO OU ACTIVIDADE FORMATIVA	NÚMERO DE HORAS	NIVEL(básico, medio ou superior)

RELACIÓN DO PERSOAL DOCENTE		
NOME E APELIDOS	NIF	N.º DE REXISTRO DE PERSOAL DOCENTE ACREDITADO (art. 21)
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		
6.		
7.		

CONTIDOS E DISTRIBUCIÓN HORARIA DOS CURSOS OU ACTIVIDADES FORMATIVAS	
DENOMINACIÓN DO MÓDULO OU CONTIDO	NÚMERO DE HORAS
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	
7.	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
Documentación que acredite os requisitos do persoal docente que impartiu o curso (só para o caso de persoal docente non acreditado)	☐

SINATURA DA PESSOA TITULAR				
Lugar e data				

galicia

Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO V

Relación de cursos e actividades formativas recoñecidos e validados para os efectos de acreditar o nivel de formación básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, de acordo co establecido no artigo 10 da Orde X/2018 do---de...da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o Rexistro de persoal docente nesta materia

CURSO OU ACTIVIDADE FORMATIVA
1. A coeducación e a igualdade de sexos nos tempos de lecer das escolas de educación infantil e primaria
2. A educación na igualdade
3. A igualdade de xénero a través das TIC
4. A incorporación da perspectiva de xénero no deseño, execución, seguimento e avaliacións de proxectos
5. A perspectiva de xénero no labor docente
6. A transversalidade de xénero no ámbito educativo
7. A trata de seres humanos con fins de explotación sexual: a nova escravitude do século XXI
8. A violencia cara ás mulleres. Como detectala e pautas de actuación desde o Servizo Galego de Saúde. Casos Prácticos
9. A xeografía de xénero na aula
10. Abordaxe da violencia de xénero desde o ámbito educativo
11. Abordaxe Integral da violencia de xénero
12. Actividades para traballar e previr a violencia de xénero dende o centro educativo
13. Animación á lectura: Do conto popular ao conto literario con perspectiva de xénero
14. Aprendendo a coeducar
15. Aproximación psicolóxica á violencia de xénero
16. As mensaxes de xénero nos medio de comunicación
17. Axente de igualdade de oportunidades. En liña
18. Calidade educativa: Igualdade vs discriminación
19. Cara a inclusión de xénero na práctica educativa
20. Cara unha cidadanía inclusiva
21. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Aportacións do enfoque de xénero
22. Coeducación. Igualdade de oportunidades. Prevención da violencia
23. Como traballar a igualdade de xénero nas aulas
24. Consumo e xénero
25. Consumo e xénero. Plan Proxecta
26. Convivencia e igualdade
27. Convivencia en igualdade
28. Curso: Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0: A escola da comunicación igualitaria
29. Deseño e aplicación de políticas de igualdade na Administración galega
30. Deseño e xestión de proxectos de igualdade
31. Discapacidade e violencia de xénero
32. Educación emocional e comunicación non violenta na sociedade da información. Bulling, cyberbulling e violencia de xénero
33. Educación inclusiva e dos coidados con enfoque de dereitos de xénero
34. Educación para a igualdade
35. Educación para a igualdade en ciencia e tecnoloxía
36. Educación para a igualdade: Achegas desde a análise de xénero
37. Educando en igualdade

38. Educando en igualdade desde o proxecto educativo
39. Educar en igualdade
40. Estratexias para a eliminación de estereotipos de xénero no exercicio da actividade profesional
41. Estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo
42. Estratexias para a promoción da igualdade no ámbito educativo I. Plan Proxecta
43. Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas
44. Formación básica en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
45. Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero
46. Formación de asesores/as para a igualdade na comunidade educativa
47. Grupo de traballo de identidade de xénero
48. Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
49. Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes-nivel básico
50. Igualdade de xénero: Perspectiva xurídica
51. Igualdade, traballando cara ela
52. Impacto da violencia de xénero en nenos, nenas e adolescentes.
53. Indicadores de xénero
54. Iniciativas en intervención institucional na violencia contra as mulleres
55. Introducción transversal do principio de igualdade e rexeitamento da violencia de xénero no CEIP Centieiras.
56. Liderar en clave de xénero
57. Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública
58. Mediación familiar e xénero
59. Medidas de protección da imaxe pública da muller nos medios de comunicación e publicidade
60. Medrando en igualdade.
61. Mito e xénero na evolución do saber da humanidade
62. Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación
63. Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0: Que facer coas violencias dende a educación de xénero?
64. Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0: Educar na comunicación igualitaria
65. Novas fronteiras na igualdade de oportunidades: Educar para a igualdade de trato
66. Novas fronteiras na igualdade de oportunidades: Escola para a igualdade (práctica igualitaria, convivencia, violencia, tempos)
67. O dereito á igualdade no eido da Unión Europea
68. O noso centro sobre convivencia, igualdade de xénero, habilidades sociais e intelixencia emocional
69. Obradoiro educar en igualdade
70. Organización e funcionamento dun centro educativo desde unha perspectiva de xénero
71. Orientación, tutoría e construción da identidade libre de estereotipos de xénero. Plan Proxecta
72. Os comportamentos vinculados ao xénero na E.I. observación e análise
73. Os pinxeis de Artemisa. Pintar a igualdade
74. Prevención da violencia de xénero desde o ámbito educativo. Plan Proxecta
75. Prevención da violencia de xénero e promoción das relacións de paz
76. Recursos e estratexias para promover a equidade de xénero nos centros educativos
77. TICs para a igualdade
78. Un mundo de iguais loitando pola igualdade e contra a violencia de xénero
79. Vías de igualdade para o emprendemento: A empresa cooperativa
80. Violencia contra as mulleres con discapacidade
81. Violencia de xénero
82. Violencia de xénero e mulleres con discapacidade
83. Visibilización das políticas de igualdade no actual período de programación dos fondos europeos 2007/2013
84. Xénero e discapacidade
85. Xénero e igualdade nas Administracións públicas
86. Xénero e igualdade nas administracións públicas. A súa evolución normativa - Proba de avaliación

87. Xénero e políticas públicas. Os orzamentos con perspectiva de xénero
88. XI Convivencia de educación infantil. Cholo e Nela en igualdade

